



BOLETÍN INFORMATIVO MUNICIPAL

Concello de Vedra

Outubro 2025 • Nº 304

VEDRA POLO MUNDO

UNHA NOVA SECCIÓN: “VEDRA POLO MUNDO” CHEGARÁ NO 2026 AO BOLETÍN

■ Cada mes contaremos a historia de alguén de Vedra que vive, estuda, traballa, fóra do noso país.

Para iso precisamos a túa colaboración!

Se es unha ou un deses casos; ou coñeces a alguén...
escríbenos a cultura@concellodevedra.gal ou envía un
whatsapp ao 663 893 398.

Deste xeito chegaremos a máis casos e poderemos ser
máis plurais!!

OUTUBRO

L	M	MC	X	V	S	D
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30	31		

VEDRA CO POBO PALESTINO

■ O Concello de Vedra no pleno do 24/09/2025, por unanimidade e a iniciativa do BNG aprobou a seguinte declaración institucional:

“O Concello de Vedra recoñece oficialmente que en Gaza se está a cometer un xenocidio, e expresamos colectivamente a nosa solidariedade co pobo palestino.”

Igualmente acordouse:

“Instar á Xunta de Galicia, ao goberno de España e á Unión Europea a adoptar medidas urxentes para deter esta situación e garantir responsabilidades internacionais”.

Por outra banda Vedra tamén acordou subscribir o manifesto da FEGAMP sobre a situación en Gaza. O documento está dispoñible na web municipal.

SABÍAS QUE...

■ VEDRA CONTA CON ALUMEADO PÚBLICO LED DENDE O ANO 2019?

Esta actuación supuxo a modernización, renovación e mellora deste servizo público:

- Coa substitución de 3.205 luminarias.
- Coa renovación de 162 centros de mando que quedaron reducidos a 99.

Isto supuxo un substancial aforro económico e en emisión de CO2:

- O consumo anual antes do cambio era de 1.373,850 kwh (máis de 630 tn de CO2).
- O consumo previsto tras as actuacións era de 427.834 kwh (supoñendo un 69% de aforro).
- Finalmente o aforro real é de entre o 72 e o 74%. Deixando de emitir á atmosfera máis de 460tn de CO2.

Tan importante proxecto levouse a cabo, no seu momento, grazas á subvención do IDAE (Instituto para a

Diversificación e Aforro de la Energético) que aportou 796.000 €.

OLLO!

Contamos isto agora... por que ás veces o cambio horario, que chegará o domingo 26 de outubro, supón algún desaxuste no sistema.

Se detectas algunha anomalía chama ao 699 304 702 para poder solventala.



ASÍ FOI MUNICIPAL



Celebración da Festa do Burgo, patroa do Centro Social.



Participación de mocidade de Vedra de intercambio europeo en Italia.



Ruta polo patrimonio oculto de Vedra, co voluntariado interxeracional.



Inicio do curso escolar no CPI de Vedra coa visita do presidente da Xunta de Galicia.

ASÍ FOI NAS ASOCIACIÓNS



Campamento de Verán organizado pola A.C. San Campio.



XXXVII Trofeo Concello de Vedra.



32ª Carreira Popular do Gundián en Ponte Ulla.



Acto de homenaxe a Pepe Viaño organizado pola ANPA do CPI Plurilingüe de Vedra.



Excursión á Romería do Nazareno na Poboia do Caramiñal da Asoc. O Burgo.



Campo de voluntariado Erradica da Asoc. Amabul.



Limpeza do río Merín polo día Mundial da Limpeza da Natureza da Asoc. Amabul.



XULGADO DE PAZ

■ **ATENCIÓN AO PÚBLICO EXCLUSIVAMENTE OS MARTES e XOVES.**

Consultas telefónicas tamén os martes e xoves no número 981 502 305.

HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO DE 10:00 A 13:00 HORAS.

Enderezo electrónico: registrocivil.vedra@xustiza.gal

RECOLLIDA DE VOLUMINOSOS A DOMICILIO

■ Chama ao 981 814 612 e solicita que pasen a recoller os teus refugallos voluminosos.

Trátase dun servizo gratuíto que se desenvolve por orde de solicitudes e que depende do número de pedidos, polo que non sempre é inmediato.



ITV AGRÍCOLA EN NOVIEMBRE EN VEDRA

■ **EN SANTA CRUZ DE RIBADULLA**, no entorno á Casa da Cultura, o **13 DE NOVIEMBRE** en horario de 9:00 a 13:30 h. e de 15:15 a 18:00 h.



■ **EN VEDRA**, no entorno do Campo da Festa de Vedra, os días **14, 17, 18 e 19 DE NOVIEMBRE**.

XESTIÓN TRIBUTARIA. Calendario fiscal IBI, IAE e TAXAS 2025

■ Ata o 17 de novembro estarán dispoñibles os recibos en período voluntario do IBI, IAE e TAXAS.

Aqueles recibos que se atopen domiciliados serán cargados en conta o día 17 de outubro.

- Na páxina web da Deputación da Coruña, concretamente na Oficina Virtual Tributaria (OVT) (<https://ovt.dacorua.gal>) pódese comprobar os recibos, obter a carta de pago e incluso realizar o pago do imposto.

INFORMACIÓN DE CATASTRO EN VEDRA

■ Data para este servizo gratuíto polo que aposta o Concello de Vedra:

- **NO MES DE OUTUBRO: O MARTES 21.**

Obrigatorio asistir con reserva de cita no teléfono 981 814 612 (en horario de 9:00 a 14:00 h).

IMPORTANTE: Só se darán citas para asuntos relacionados con bens catastrais dentro do termo municipal.

PUNTO LIMPO

■ Podes deixar o refugallo que non pode ir nos colectores no noso punto limpo situado o lugar de Fornelos, Vedra.

- Os martes de 09:00 a 14:00 e de 16:00 a 19:00 h.
- Os sábados de 09:00 a 14:00 h.



IMPRESCINCIBLE CITA PREVIA:

- No teléfono 981 92 80 80 (en horario de luns a venres de 9:00 a 18:00 horas).
- A través da web www.sycitv.com/es/estaciones-syc/
- Reservas dispoñibles a partir do 13 de outubro.

OUTONO DAS ARTES DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA PROXECCIÓN DO DOCUMENTAL: "LÉVAME A IDEA"

Este audiovisual é un recoñecemento profundo e necesario ás mulleres, auténticas protagonistas na creación, recuperación e divulgación da música de tradición oral galega.

- Lugar: Centro Sociocultural de Vedra.
- Data: 3 de outubro.
- Hora: 19:00 h.



EXPOSICIÓN PICTÓRICA "RAFAEL MACÍAS" DO 17 AO 31 DE OUTUBRO

EXPOSICIÓN RAFAEL MACÍAS GALÁN



LUZ Y SILENCIOS

DO 17 AO 31 DE OUTUBRO

CENTRO SOCIOCULTURAL DE VEDRA

INAUGURACIÓN:

VENRES 17 OUTUBRO ÁS 20:30 H.



RAFAEL MACÍAS GALÁN

NACEU EN TORREMEJÍA (EXTREMADURA) EN 1955 E É
VECINO DE VEDRA DENDE FAI 15 ANOS
(CASA DE MEYRE).

É LICENCIADO EN BELAS ARTES, NA ESPECIALIDADE DE
PINTURA, POLA UNIVERSIDADE DE SEVILLA.

PARTICIPOU EN EXPOSICIÓNS INDIVIDUAIS E
COLECTIVAS CELEBRADAS EN DIVERSOS POBOS DE
ANDALUCÍA E EXTREMADURA.

A SÚA OBRA ACOLLE DIFERENTES PROCEDEMENTOS
PICTÓRICOS.

ESTA EXPOSICIÓN LEVA POR TÍTULO
"LUZ Y SILENCIOS", E ACHÉGANOS OBRAS DA SÚA
LONGA TRAXECTORIA COA IDEA DE PRESENTARSE ANTE
A VECIÑANZA.

HORARIOS DE VISITA:

SÁBADOS 18 E 25 DE OUTUBRO DE 17:00 A 21:00 H.

DOMINGOS 19 E 26 DE OUTUBRO DE 12:00 A 14:00 E
DE 17:00 A 21:00 H.

DE LUNS A VENRES DE 10:00 A 13:00 H. E DE 17:00 A
21:00 H.; EN HORARIO DE ACTIVIDADES DO CENTRO

PRESENTACIÓN DO LIBRO: "EL SILENCIO DE LAS JACARANDAS"

A autora Inmaculada Lergo, en El silencio de las jacarandas, a través do xénero epistolar, paséanos por espazos persoais e literarios unidos a diversos lugares do mundo, entre eles Vedra, á que se sente unida por un entrañable e fraternal sentimento de pertenza e amizade.

- Día: sábado 18 de outubro
- Hora: 19:00 h.
- Lugar: Centro Social de Vedra



PRESENTACIÓN CULTURAL DE ONDAS DO MAR NA NAVE DA ESTACIÓN OS DÍAS 11 E 12 DE OUTUBRO

■ A veciña palilleira de Santa Cruz de Ribadulla Josefina Campaña López presenta e firma o seu libro "De niña artesana a mujer". Virá acompañada dunha exposición de pezas de encaixe de Camariñas, a súa terra natal, e dunha demostración palillando en directo das súas alumnas de Ondas do Mar.



Datas e horarios:

- **Sábado 11 de outubro.** Inauguración ás 17:00 h. (aberto ata as 20:00 h.).
- **Domingo 12 de outubro.** De 12:00 a 18:00 h.

OLLO!! Os primeiros 30 exemplares vendidos levarán agasallo!! E poderedes aproveitar a ocasión para facer as vosas primeiras mercas para o nadal que se achega!!

A XANELA DA LINGUA...

DÍA EUROPEO DAS LÍNGUAS

■ Por iniciativa do Consello de Europa e desde o ano 2001 celébrase o Día Europeo das Linguas para poñer en valor a diversidade lingüística da UE e para promover a aprendizaxe de idiomas entre a cidadanía do Vello Continente.

A Xunta de Galicia, a través da Se-

cretaría Xeral da Lingua, súmase a esta festa que, cada 26 de setembro, lembra a importancia e mais a necesidade de preservar e fomentar a rica diversidade cultural e lingüística de Europa, así como de incrementar o grao de entendemento intercultural e lingüístico a través do impulso da aprendizaxe de linguas.



Medio Ambiente

COMPOSTAXE DOMÉSTICA

■ Continúa a Campaña de Compostaxe, para conseguir que todos os fogares de Vedra poidan realizar esta acción con calidade.

CALENDARIO DE ENTREGAS GRATUÍTAS DE COMPOSTEIROS POR PARROQUIAS PARA O MES DE OUTUBRO:

- **Na Casa da Cultura de Santa Cruz de Ribadulla:** o 6 de outubro ás 20:30 horas. Inscripción previa no teléfono 630 23 19 49.
- **No Multiusos de Trobe:** o 10 de outubro ás 20:30 h. Inscripción previa no teléfono 606 50 36 96.
- **No local social de Illobre:** o 15 de outubro ás 20:30 h. Inscripción previa no teléfono 653 22 59 29.



- **Na Rectoral de Ponte Ulla:** o 16 de outubro ás 20:30 h. Inscripción previa no teléfono 620 17 50 77.
- **No local social de Merín:** o 23 de outubro ás 20:30 h. Inscripción previa no teléfono 649 44 80 61.
- **No local social de San Mamede:** o 29 de outubro ás 20:30h. Inscripción previa nos telfs: 659 93 26 87 / 648 13 12 89.
- **No centro social de Vedra:** o 30 de outubro ás 20:30 h. Inscripción previa no teléfono 645 0128 72.



Unha das entregas xa realizadas no mes de setembro.



Centro de Emprendemento “A Estación”

PROGRAMA PARA OUTUBRO...

■ **Martes 7 de outubro ás 20:00 horas:**

“ÚLTIMA CHAMADA PARA SOLICITAR O KIT DIXITAL”

O Kit Dixital é un programa de axudas públicas que ofrece bonos de dixitalización de ata 3.000 euros para empresas e autónomos. O prazo de solicitude remata o 31 de outubro, polo que é importante coñecer como acceder a esta oportunidade.

Está dirixido a empresas, autónomos de entre 0 e 3 empregados que queiran mellorar a súa presenza en liña, xestionar mellor o seu día a día ou incorporar novas solucións dixitais.

Na xornada explicaranse os requisitos e condicións que hai que cumprir, os prazos de solicitude e execución, o procedemento para presentar a petición e as distintas opcións nas que se pode empregar o bono.

A actividade está pensada para empresarios/as e autónomos/as que queiran aproveitar esta liña de apoio á dixitalización.

■ **Data martes 21 de outubro ás 20:00 horas:**

“TALLER PRÁCTICO DE INTRODUCCIÓN ÁS INTELIXENCIAS ARTIFICIAIS”

A intelixencia artificial está a converterse nunha ferramenta clave para mellorar procesos e aumentar a

competitividade. Neste taller práctico orientado a autónomos, Pemes e persoas con actividade económica, veremos as principais plataformas de IA xeneralista dispoñibles, as súas diferenzas e os mellores usos en cada caso.

Realizaremos prácticas en directo para comprobar o funcionamento destas ferramentas e analizar os resultados que poden achegar ao día a día dunha empresa.

Trátase dunha oportunidade para familiarizarse con estas tecnoloxías e aprender a empregalas de forma útil e accesible nos proxectos profesionais.

Non é preciso reservar praza pero o espazo é reducido e para non quedar sen ela pódese facer unha reserva enviando un e-mail a aestacion@concellodevedra.gal.

Todos os eventos celebraranse en A Estación de Santa Cruz de Ribadulla.

Lembra tamén que mantemos a atención presencial en A Estación para calquera persoa interesada tanto no centro de emprendemento local como no espazo de Coworking martes e xoves de 10:00 a 14:00 e cando precisades se pides cita previa. O número de teléfono é o 981 512 244.

OS NÓS COWORKERS: ENTREVISTA A NÓS TELEVISIÓN

■ Unha das últimas incorporacións ao noso espazo coworking é a empresa Nós Televisión. Falamos con Diego Frey Mirás.

Contádenos un pouco a que vos dedicades e que facedes en Nós Televisión?

Nós Televisión somos un equipo de profesionais do xornalismo e da comunicación audiovisual que producimos, realizamos e difundimos contidos sobre cultura galega na nosa lingua. Emitimos as 24 horas do día a través da canle 9 de R para toda Galicia e boa parte dos nosos contidos tamén están dispoñibles na plataforma Movistar Plus+ para todo o Estado español. A través de www.nostelevisión.gal pode seguirse todo o que facemos e na



nosa canle de YouTube, aberta a todo o mundo, e líder en número de subscricións, están accesibles os nosos documentais, entrevistas, reportaxes e conversas.

Que foi o que vos levou a empregar o vagón como espazo de traballo?

Este outono imos lanzar un novo programa. Trátase dun videopodcast presentado polo xornalista

Luís Pardo, con convidados do mundo da cultura, do deporte e da sociedade galega. Buscamos un lugar especial, que lle dera sentido a todo o programa, para poder gravar e traballar nel. O tren que hai na Estación de Vedra é un espazo marabilloso, cumpre todo o que buscabamos. Así, o programa vaise chamar O VAGÓN e facemos todo no seu interior e

exterior. As artistas soben ao tren para comezar unha viaxe pola súa vida e pola súa traxectoria profesional, que é tamén unha viaxe ao redor da cultura e da vida galega.

Que destacarías do espazo?

A Estación foi rehabilitada cun moi bo gusto e todas as insta-

lacións son moi cómodas e funcionais. Tanto o vagón de tren como o propio edificio da estación e a nave de usos múltiples parécennos moi axeitadas para uso empresarial e cultural. Xa lle gustaría a moitos concellos e empresas poder ter un espazo así. Desde o Concello de Vedra e

o equipo técnico que se encarga da xestión do lugar puxéronnos todo tipo de facilidades para poder formar parte do coworking e nós non podemos máis que estar agradecidos.

Moitas grazas e benvidos á nosa comunidade!

Novas Tecnoloxías

TIC RURAL EN VEDRA. FORMACIÓN DIXITAL GRATUITA

■ Volve ao noso municipio este “Reto Rural Dixital” gratuíto que busca a capacitación dixital de persoas en situación de desemprego ou de inactividade (pensionista ou xubilación).

- **Datas:** Os días 20, 21, 22 e 23 de outubro en horario de 10:00 a 13:00 h.

- **Inscripcións abertas do 1 ao 10 de outubro no teléfono 981 814 691 ou no enderezo electrónico cultura@concellodevedra.gal.**

REQUISITOS DE INSCRIPCIÓN

- Residir no concello de Vedra
- Estar desempregado ou inactivo (pensionista/xubilado)

INSCRIPCIÓN DO 1 AO 10 DE OUTUBRO

981 814 612

cultura@concellodevedra.gal

Lugar: AULA CEMIT de Vedra

Datas: 20, 21, 22 e 23 de outubro

Hora: 10 a 13 h

Concello de Vedra

Financiada por la Unión Europea

Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia

Red ORGA

CAPACITACIÓN DIXITAL

TALLERES PRÁCTICOS

Uso de móvil, tablet e ordenador.

TALLERES:

- Taller de trámites con centros de saúde e outros organismos
- Taller de ferramentas ofimáticas básicas
- Taller de uso de móvil e/ou tablet
- Taller de correo electrónico

TALLERES GRATUITOS

Servizos Sociais

LUDETECA

■ Este mes dende o programa de conciliación Conxuga Espazo Corresponsable queremos aproveitar para traballar a educación para a corresponsabilidade e a igualdade en todas as actividades.



Con esta intención, propoñemos os seguintes obradoiros e actividades:

- “Xogos reunidos”: xogos en grupo, cooperativos, de mesa, para caídas....
- Experimentos divertidos.
- Obradoiro emocional: A que teño medo eu.
- Contos en valores.
- Obradoiro de maquillaxe e caras terroríficas.
- Concurso de sustos.
- Obradoiro “SuperChef”, cociña terrorífica.
- Celebramos o “Samaín”.



INFORMACIÓN XERAL DOS SERVIZOS SOCIAIS DE VEDRA

- **Atención ao público:** Os luns, xoves e venres de 9:00 a 14:00 horas.
- **Cita previa:** Chamando ao teléfono 981 814 693 NON É IMPRESCINDIBLE, pero facilitará

unha mellor organización e atención, polo que é recomendable.



ACTIVIDADES DA TERCEIRA IDADE

CURSOS OUTUBRO 2025- XUÑO 2026

- **Ximnasia de maiores:** os luns e mércores de 17:30 a 18:30 h., de 18:30 a 19:30 h. e de 19:30 a 20:30 h.
- **Obradoiro de traballo corporal:** os martes de 17:30 a 18:30 h. e de 18:30 a 19:30 h.
- **Canto-Coral:** os martes de 19:30 a 21:00 h.
- **Obradoiro de memoria:** os xoves de 17:00 a 18:30 h. e de 18:30 a 20:00 h.

Estes cursos teñen un custe de matrícula de 25 € (de outubro a xuño).

- **Laborterapia (Nas Máns da Avoa; Gratuíto):** os martes de 16:30 a 18:30 h.
- **Obradoiro de Teatro (Gratuíto):** pendente de fixar data.
- **Bailoterapia:** 20 €/trimestre, os xoves de 18:45 a 19:45 h.
- **loga integral:** 30 €/trimestre, os venres de 17:30 a 19:00 h.

INSCRICIÓNS NO DEPARTAMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS CHAMANDO AOS TELÉFONOS 981 814 695 – 981 814 693 (en horario de mañá) ou no Centro Social de 17:00 a 21:00 h.



OUTRAS ACTIVIDADES:

- **Obradoiros de “Envellecemento Activo”**
1, 2, 8, 9 de outubro de 15:00 a 17:00 h.
Coaching personalizado, talleres de desenvolvemento da memoria afectiva e narración autobiográfica positiva, acompañamento no desenvolvemento da creatividade e a imaxinación a través da maxia, desenvolvemento da intelixencia interpersonal, autocoidado persoal.
Imparte: Instituto da Familia (grupo mínimo - inscrición previa)
- **Bingo**
Xoves 16 de outubro ás 20:00 h.
- **Excursión á feira de Valença do Miño e a Tui.**
Mércores 29 de outubro.
Prezo: 35 € (Inclúe transporte, visitas e comida) prazas limita-

das. (O prazo de inscrición ábrese o 13 de outubro ás 17:00 h. no Centro Social. As prazas e número de asento adxudícaranse por rigorosa orde de inscrición).
Visitas: Vilanova de Cerveira, feira de Valença do Miño e Fortaleza, visita guiada a Tui...

- **Magosto e baile**
Venres 14 de novembro ás 19:00 h.
Actuación musical de Marietta.
- **Circuíto Termal nas Termas de Outariz.**
Mércores 19 de novembro
Prezo: 35 € (Inclúe transporte, comida e tratamento termal; prazas limitadas)
Programa: pola mañá tratamento termal, xantar e regreso. (O prazo de inscrición ábrese o 3 de novembro ás 17:00 h. no Centro Social. As prazas e número de asento adxudícaranse por rigorosa orde de inscrición).

MULLERES+

■ **ARRANCAMOS!! NOVO TALLER "MULLERES + 2025"**
Programa da promoción do empoderamento persoal e autocoidado para mulleres no concello de Vedra.

Eu sei, eu móvome, eu protéxome.

O departamento de igualdade do Concello pon en marcha unha nova edición do Programa Mulleres +

Esta acción formativa esta pensada, para que as mulleres vaian adquirindo coñecementos e ferramentas que van destinadas ao coñecemento e adquisición de novas capacidades da informática, de idiomas ou doutras ferramentas que lles permitan, entre outros aspectos, poder acceder ao mercado laboral ou desenvolver os seus proxectos persoais.

O programa Mulleres+ ten como obxectivos:

- A mellora das habilidades sociais, auto concepto, e exercicio de dereitos e a participación de mulleres en situación de vulnerabilidade.
- Facilitar a inserción socio laboral a través de itinerarios formativos e de orientación individualizados.
- Favorecer a toma de conciencia e o desenvolvemento persoal como muller mediante a intervención grupal.
- Impulsar o establecemento de relacións e redes de apoio.
- Aumentar a autoestima persoal e colectiva.



- Previr o illamento, a violencia e a perda de saúde.
- Dotar de ferramentas para a prevención e o enfrontamento en situacións de violencia de xénero.
- Promover o autocoidado e o goce individual e colectivo.
- Cuestionar a educación, normas e valores sociais que fomentan a violencia.

O CURSO É GRATUITO.

Para máis información: carmen.sabio@concellodevedra.gal, teléfonos 699 041 486 ou 981 814 693 en horario de 9:00 a 14:00 h.



Concello de Vedra



ÁREA DE MULLER E IGUALDADE
Concello de Vedra



Pacto de Estado
contra la violencia de género

Iniciativa das Asociacións

TEATRO COA AAVV STA CRUZ DE RIBADULLA

O DOMINGO 26 DE OUTUBRO ÁS 18:00 H. NA CASA DA CULTURA DE SANTA CRUZ

■ A asociación veciñal de Sta Cruz propón unha tarde de domingo con teatro!!

Será unha moi boa oportunidade para gozar co bo facer da veciña Asociación de Maiores de Boqueixón.

Actividade gratuíta financiada polo Programa Rede Cultural da Deputación da Coruña



ESPAZO ACTIVO DA ULLA 2025

PASABODEGHIÑAS 2025

VENRES 24 OUTUBRO

COLABORAN:

- CRA BOQUEIXÓN VEDRA "NEIRA VILAS"
- CPI PLURILINGÜE DE VEDRA
- CEIP ORTIGUEIRA

EXPOSICIÓNS

RUTA GAITEIRA

MAGOSTO

ACTUACIÓN "DANI&KIDS, O HOME ORQUESTRA"
INCLUIDA NO PROGRAMA REDE CULTURAL 2025 DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA.

ORGANIZAN: **ESPAZO ACTIVO DA ULLA**

COLABORAN: **san campio**, **ORQUESTRA DA LAXEIRA SÈS**, **Concello de Vedra**, **Deputación da Coruña**, **XUNTA DE GALICIA**

esPAZO aCTIVO

DA ULLA - SAN MIGUEL DE SARANDÓN - VEDRA - 2025

SÁBADO 25 OUTUBRO

PASABODEGHAS "COIDADADO DA TERRA"

17:00 **RUTA GHAITEIRA.** PUNTO DE ENCONTRO: CAMPO DA FESTA
KALE BAILOKA - OS KE HAI - SARILLO DE AIAZO - FEROCES DA GALGUEIRA - MOVENDO MARCOS AMIGOS DE TUA PRIMA - NO CÔMBARO - JAITAS BLUE - RIO DE ANXO - BORJA E CIA
AIRIÑOS DO EUME - LIANTES - CHARANGHAITOS - SON DE GAITA - FRAGHULLAS - PATAGHULLOS ARGALLEIROS - O FOLK DA CHOUA - FARRAPOS DE CESULLAS - FIGHADO JRASO

17:45 **IRMANDADE. CASTELO CONTA E O PASABODEGHAS.** ADEGA DE PEPE DA PEDREIRA

18:00 **ANIMACIÓN MUSICAL: PACO NOGUEIRAS.** ESPAZO INFANTIL

19:30 **MAXIA: MAGO IVÁN TOURIS.** ESPAZO INFANTIL

21:00 **FONDAOS DO PIFARO.** CRUCE DA PEDREIRA

21:30 **SUBIDA GHAITEIRA.** CRUCE DA PEDREIRA

22:00 **VIVA DA TERRA.**

22:30 **CONCERTOS.** CAMPO DA FESTA

A REQUINTA DA LAXEIRA SÈS

ORQUESTRA BRAVŪ XANGAI

DOMINGO 26 OUTUBRO

FOLIADA

12:30 **ACTUACIÓNS.** CAMPO DA FESTA
ARTE GALEGA DO CENTRO GALEGO DE VITORIA GASTEIZ
ASOCIACIÓN CULTURAL A CARRABOUXA DE TEO
ASOCIACIÓN CULTURAL SAN CAMPIO

SESIÓN VERMŪ - TAPEO COMUNITARIO "GALICIA SABE AMAR"

ORGANIZAN: **ESPAZO ACTIVO DA ULLA**

COLABORAN: **san campio**, **ORQUESTRA DA LAXEIRA SÈS**, **Concello de Vedra**, **Deputación da Coruña**, **XUNTA DE GALICIA**

ASOCIACIÓN AMBIENTAL AMABUL CURSO DE COMUNICACIÓN AMBIENTAL

Comunicación ambiental estratéxica práctica: medios, mensaxes e soportes

Por **Antón Lois Estévez**
Educador e divulgador ambiental, membro do seminario CECOIP
(Comunicación, Educación, Concienciación e Participación) do CENEAM.

11 e 18 de outubro de 2025
(de 11:00 a 14:00 e de 16:00 a 19:00 h.)

Aula Ambiental Amabul (Vedra)

Como comunicar de
maneira eficaz?

Como facer presentacións
memorables?

Como elixir soportes
que soporten os
nossos obxectivos?

Como facer exposicións
sen expoñerse?

Como redactar notas de
prensa comprensibles?



INSCRIPCIÓNS: WWW.AMABUL.ORG - PRAZAS LIMITADAS



AMABUL



XORNADAS MICOLÓXICAS COGOMELAR 2025

Xornadas micolóxicas

COGOMELAR

Sábado 25 de outubro 2025

Obradoiro "Cores, olores e sabores nos cogomelos"
(de 10:00 a 14:00 h.)

Obradoiro "Os fungos e os sentidos"
(de 16:30 a 18:00 h.)

Obradoiro "Escape room micolóxico"
(de 18:00 a 19:30 h.)

Intervien:
Chemi Traba
Mónica Saavedra
Irimia Pérez

Preinscrición:
www.amabul.org
Prazas limitadas!!!

Lugar:
Nave da Estación de Santa Cruz de Ribadulla (Vedra)

Máis info:
623 932 143
amabul@amabul.org
[@asoc.amabul/](https://www.facebook.com/asoc.amabul/)

ORGANIZAN: **Deputación da Coruña**, **AMABUL**

COLABORAN: **Aula Ambiental ULLA**, **Concello de Vedra**

Iniciativa das Asociacións

A ASOCIACIÓN O BURGO DE VEDRA

■ Xantar e baile no Hotel Congreso, o domingo 5 de outubro.

■ Viaxe en avión á Costa do Sol do 21 ao 27 de outubro.

Infórmate e inscríbete no teléfono 639 811 666.

Vedra Festeira

FESTAS DO SAN MIGUELIÑO EN SAN MIGUEL DE SARANDÓN



LUNS 29 SETEMBRO	NA HONRA DE SAN MIGUEL <i>Funcionista: Familia Chenlo Lobato</i> - Misa solemne ás 13:00 h. - Sesión vermú a cargo do grupo AIRE XULIA
---	---

SÁBADO 4 OUTUBRO	NA HONRA DO SANTÍSIMO <i>Funcionista: Familia González Mogo</i> - Misa solemne ás 13:00 h. - Sesión vermú a cargo da BANDA DE MÚSICA DE SANTA CRUZ DE RIVADULLA e TRIO SOPRANO - Pola noite, a partir das 22:00 h., TRIO SOPRANO haberá BINGO e CHOCOLATE CON CHURROS
DOMINGO 5 OUTUBRO	NA HONRA DA VIRXE DO CARME - Misa solemne ás 13:00 h. - Sesión vermú a cargo da A.C. San Campio e DUO REFLEJOS - 18:00 h. Tarde Infantil: inchables, xogos populares, animación musical...

Cantina a cargo da Comisión

Parabéns

Á “SOCIEDAD PARROQUIAL DE VEDRA EN BUENOS AIRES”

■ Polos seus 115 anos de historia e actividade que celebraron cunha festa das Dores máis!!



A JESÚS MOGO MERA

■ Pola súa participación no programa da TVG “A Liga dos Cantantes Extraordinarios” no que dou mostra do seu bo facer chegando ás semifinais.

Noraboa ... E a polo seguinte reto!!!



DATE DE ALTA NO SERVIZO DE NOVAS!! Así terás a toda a información de interese máis rápida e comodamente!
SÓ TES QUE GARDAR O TELÉFONO 663 893 398 e enviarlle un whatsapp co texto: ALTA EN NOVAS